



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de xaneiro 2010

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XANEIRO 2010



1.- Resumo

Mes normal ou húmido con dous períodos de tempo moi frío.

O mes de xaneiro estivo marcado en xeral pola inestabilidade e os bruscos cambios de tempo. A Oscilación Ártica bateu neste mes o seu rexistro negativo, o que significa que as altas presións sitúanse moi ó norte e Galicia queda na traxectoria de tódalas borrascas que se forman no Atlántico.

Nos primeiros 4 días do mes as borrascas estiveron chegando acompañadas de chuvias e ventos do sudoeste, polo tanto con temperaturas suaves. A partir do día 5 os ventos cambiaron a compoñente norte, e entre o día 6 e o 10, tivemos 5 días de temperaturas moi baixas en xeral e precipitacións escasas, pero en forma de neve. As xornadas máis complicadas polo vento e a neve foron as do 8 e o 9, cando a neve chegou a caer practicamente a nivel do mar e en todo caso por riba dos 100 metros de altura. En Santiago de Compostela estas dúas xornadas foron de neve e xeo practicamente xeneralizado.

O tempo cambiou bruscamente na xornada do día 11. Neste día aínda amencimos con xeadas e moi frío, pero a medida que avanzou a xornada unha masa de aire cálido e húmido foi entrando na Comunidade, deixando un importante ascenso nas temperaturas, pero tamén chuvias intensas e de carácter xeneralizado que na práctica se estenderon por dúas semanas, case que sen interrupcións. Dentro desta situación moi inestable o evento máis destacado foi a chegada do ciclón Flora que na madrugada do 14 de xaneiro deixou ventos moi intensos, principalmente nas Rías Baixas, aínda que os seus efectos notáronse por toda a Comunidade. Os refachos máis fortes se rexistraron na Illa de Ons, onde a velocidade máxima acadou os 160 km/h.

Xustamente cando o período de chuvias remataba, no día 23, aínda tivemos chuvias intensas no litoral de Lugo que ocasionaron asolagamentos, principalmente na Mariña central e occidental. Entre o día 24 e 27 a situación foi anticiclónica e polo tanto estable, sen chuvias de importancia, aínda que con xeadas nocturnas. O mes rematou cunha situación de noroeste entre o 28 e o 31, que deixou chuvascos intermitentes e a cota de neve en torno ós 1000 metros de altura.

Temperaturas:

O promedio das temperaturas se sitúa en valores normais comparando coa media dos últimos 30 anos; de tódolos xeitos son destacables os episodios moi fríos entre o día 6 e o 10 e as baixas temperaturas da derradeira semana.

Chuvias:

Tanto o número de días de chuvia, como a cantidade total rexistrada sitúase tamén en xeral por riba dos promedios normais para este mes. Esta situación non é máis que unha continuidade da situación vivida nos meses de novembro e decembro e responde a unha situación atmosférica de baixas presións preto da nosa latitude.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	XANEIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	9.5	10.5	12.4 (2002)	8.4 (1976)
T ^a mínima media	6.7	7.8	9.7 (2002)	5.1 (1976)
T ^a mínima absoluta	-0.5(día 10)	-0.5 (14/01/1987)		
T ^a máxima media	12.1	13.2	15.0 (2002)	11.3 (1985)
T ^a máxima absoluta	19.2(día 18)	21.2 (26/01/1983)		
Precipitación acumulada	174.3	114-132	260 (1974)	35 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	21	14	25 (2001)	3 (1992)

Comentario:

Mes frío tanto nas temperaturas máximas como as mínimas. A precipitación foi abundante, quedando o mes clasificado como húmido. Os días de chuvia foron superiores nun 50% aos valores normais.



SANTIAGO

	XANEIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.5	8.8	10.5 (2002)	6.5 (1985)
Tª mínima media	4.9	5.1	7.0 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	-2.3(día 10)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª máxima media	10.4	12.5	14.0 (2002)	10.3 (1985)
Tª máxima absoluta	15.6(día 18)	21.2 (12/01/1997)		
Precipitación acumulada	191.4	182-238	546 (2001)	43 (1983)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	18	15	26 (2001)	3 (1983)

Comentario:

En canto as temperaturas, destacan os valores baixos das medias e as máximas, quedando o mes moi frío; respecto ás mínimas o mes foi normal.

As precipitacións foron normais para a época do ano, tanto en cantidade como en número de días de chuvia.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)



LUGO

	XANEIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.8	6.2	8.9 (1988)	3.6 (1976)
Tª mínima media	2.5	2.5	6.8 (1988)	-2.5 (1976)
Tª mínima absoluta	-4.8(día 10)	-8.0 (08/01/1985)		
Tª máxima media	9.3	9.8	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	15.1(día 18)	19 (27/01/1980)		
Precipitación acumulada	116.7	107-134	213 (1974)	23 (1983)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	18	14	28 (2001)	3 (1993;00)

Comentario:

O mes foi normal tanto en temperaturas como en precipitacións.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.2	9.3	10.8 (1982;2004)	7.2 (1976)
Tª mínima media	6.0	4.7	7.5 (2004)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	-3.0(día 9)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª máxima media	12.9	13.8	15.4 (2005)	12.6 (1977; 1984)
Tª máxima absoluta	16.1(día 23)	22.5 (27/01/2003)		
Precipitación acumulada	190.1	189-222	469 (1974)	25 (1981)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	15	15	26 (1974;88)	3 (1992)

Comentario:

As temperaturas máximas acadaron valores por debaixo dos normais, quedando o mes como frío. En canto ás mínimas, o mes foi cálido.

As precipitacións rexistradas foron normais tanto en cantidade como en número de días de chuvia.



OURENSE

	XANEIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.0	7.7	11.0 (1982)	4.3 (1976)
Tª mínima media	4.5	3.1	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-2.6(día10)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª máxima media	11.5	12.3	14.8 (1982)	9.5 (1981)
Tª máxima absoluta	15.8(día 3)	22.0 (27/01/2003)		
Precipitación acumulada	124.8	77-101	217 (2001)	2 (1981)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	11	11	21 (2001)	0 (1981)

Comentario:

Mes frío en canto as temperaturas máximas e cálido en canto ás mínimas.

O mes foi húmido, sen embargo, o número de días de precipitación acadou valores normais.




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie

Anomalías de presións a nivel medio do mar

Xaneiro 2010






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa


Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.

Xaneiro 2010





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx – 01/2010

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas





3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)

